

1. IDENTIFICACIÓN

TÍTULO DA TAREFA: DIVERSIDADE NA ARTE

ETAPA	EDUCACIÓN PRIMARIA	NIVEL	3º E 4º
ÁREAS/S	Educación Artística (Educación Plástica e Educación Musical), Matemáticas, Valores Sociais e Cívicos e Lingua Galega e Literatura.	MESTRA	Miriam González Pérez

DESCRIPCIÓN DA TAREFA:

Logo de rematar e aprender ca tarefa anterior das vangardas artísticas, continuaremos expresándonos a través de manifestacións artísticas e reivindicativas, onde a reflexión e diversidade cobran importancia xa que traballaremos as instalacións artísticas, happenings e performances, centrándonos nos seguintes ODS:

- ODS 5 “Igualdade de xénero”
- ODS 10 “Redución de Desigualdades”
- ODS 16 “Paz, Xustiza e Institucións Públicas”
- ODS 17 “Alianzas para lograr os obxectivos”



XUSTIFICACIÓN DA TAREFA:

Nesta tarefa haberá un “apadrinamento artístico” onde o alumnado deste curso terá que manifestar aos máis pequenos/as a súa creatividade. Así mesmo, a través das diversas actividades propostas o alumnado terá unha aprendizaxe competencial: CCL (a través dos debates), CMCT (a través dos cálculos matemáticos, medida e xeometría), CD (coas gravacións), CAA (coa aprendizaxe cooperativa), CSC (traballando os ODS anteriores e cos acordos dos equipos), CSIEE (xa que o produto final xorde a partir da iniciativa dos menos/as) e CECC (a través do seu pensamento artístico e creatividade).

CONTEXTO:

Ámbito Creavisual: Aula de Psicomotricidade e Patio (zona campo de fútbol).

2. CONCRECIÓN CURRICULAR (1)

ACTIVIDADES	ESTÁNDAR 1	ESTÁNDAR 2	ESTÁNDAR 3
1º SESIÓN			
<p>Actividade de motivación: expresión corporal a través de música ambiental.</p>	<p>VSCB2.6.2. Participa activamente en actividades que contribúen á cohesión dos grupos sociais aos que pertence.</p> <p><i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i></p>	<p>VSCB2.8.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo.</p> <p><i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i></p>	<p>EMB1.5.3. Representa graficamente, con linguaxe musical convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.</p> <p><i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i></p>
<p>Círculo reflexivo, co obxectivo que o alumnado comprenda a relación de movemento-danza-cor.</p>	<p>LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo adecuadamente.</p> <p><i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i></p>	<p>LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións sen interromper.</p> <p><i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i></p>	<p>EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.</p> <p><i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i></p>
<p>Observación do espazo creado onde está preparada a instalación artística. Realización da rutina de pensamento “Vexo, penso, pregúntome”, potenciando unha aprendizaxe por descubrimento sobre que imos a traballar no ámbito.</p>	<p>CSB 1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo e, emprega estratexias de traballo cooperativo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.</p> <p><i>INSTRUMENTO: Observación sobre a</i></p>	<p>EPB1.4.1. Interpreta e valora a información obtida de imaxes no contexto social, e elabora e comunica informacións básicas.</p> <p><i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i></p>	<p>LGB3.3.1. Elabora por escrito textos moi sinxelos do ámbito académico (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descricións, explicacións...)</p> <p><i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i></p>

	<i>que se aplica unha Lista de cotexo.</i>		
Visualización dun vídeo para motivar o que vai realizar o alumnado (https://www.youtube.com/watch?v=vDn8Uxax-c0)	EPB2.3.4. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para coñecer expresións artísticas e culturais dos pobos do mundo. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i>	EPB 1.2.1. Interpreta e valora a información que ofrecen as imaxes no contexto social e comunica as sensacións, elaborando información básicas. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i>	
Realización das instalacións artísticas por estacións , de forma rotativa, as mesmas están divididas en catro espazos diferentes.	EPB2.1.1. Representa formas naturais e artificiais con diferentes formas, cores, texturas e materiais. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha escala de valoración.</i>	EPB1.4.2. Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta técnicas espaciais. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha escala de valoración.</i>	EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha escala de valoración.</i>
Emprego da estrutura cooperativa da lectura compartida en formato de lectura fácil.	LGB1.2.1. Usa e manexa documentos impresos, audiovisuais e dixitais para obter a información máis importante e necesaria. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha escala de valoración.</i>	LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha escala de valoración.</i>	LGB2.1.2. Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo). <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha escala de valoración.</i>
Produción dun Flow Map cooperativo , onde se recollen a información máis importante das lecturas anteriores e exposición e lectura dos mesmos.	LGB1.2.2. Selecciona información relevantes dos documentos audiovisuais para realizar tarefas de aprendizaxe.	CSB1.1.1. Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza,	VSCB1.4.1. Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos.

	<i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha escala de valoración.</i>	analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha escala de valoración.</i>	<i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha escala de valoración.</i>
2º SESIÓN			
Medición da superficie da área delimitada no espazo do patio (zona fútbol) que se vai empregar para a montaxe das súas instalacións artísticas.	MTB3.1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i>	MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade ou masa en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i>	VSCB1.4.2. Asume as súas responsabilidades durante a colaboración. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i>
Creación do plano do espazo por equipos cooperativos onde imos a realizar as instalacións artísticas, a través dunha ficha con cuadrícula, implementando a estratexia cooperativa do folio xiratorio .	EPB2.2.1. Utiliza a cuadrícula como un elemento que estrutura o espazo gráfico. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha escala de valoración.</i>	EPB2.2.5. Manexa e utiliza escalas e proporcións axeitadas para representar obxectos. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha escala de valoración.</i>	MTB4.4.1. Representa a escola, o barrio ou a aldea mediante un plano ou esbozo. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha escala de valoración.</i>
Realización do “estudo de mercado”, é dicir, do público ao que vai ir destinado a nosa instalación artística, onde se vai realizar o Happening. Para iso, imos crear un mapa da empatía a través da estratexia do folio xiratorio .	LGB1.3.4. Participa no traballo en grupo. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo</i>	VSCB2.6.2. Participa activamente en actividades grupais e reflexiona sobre a súa contribución á cohesión dos grupos sociais aos que pertence. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo</i>	VSCB2.8.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i>

		<i>se aplica unha Lista de cotexo.</i>	
Choiva de ideas e posta en común dos mapas da empatía. En gran grupo, anotaremos as ideas na aplicación: https://en.linoit.com/	LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo</i>	LGB3.7.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo</i>	
O alumnado comezará a crear e imaxinar estruturas en equipo cooperativo para as súas instalacións artísticas, dentro do plano creado, as cales deben incluír como temática principal: as formas xeométricas.	EPB2.1.2. Manexa lapis de cores, témperas, rotuladores, sombreado, acuarelas etc.) para a composición de obras. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha escala de valoración.</i>	EPB2.2.3. Aplica nocións métricas e de perspectiva á construción de estruturas e á transformación do espazo. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha escala de valoración.</i>	EPB2.5.3. Selecciona e utiliza as materias de forma apropiada e responsable, segundo as súas posibilidades plásticas e os resultados marcados. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha escala de valoración.</i>
Posta en común e votación para a creación dun plano conxunto , o cal será o futuro happening para o seu público obxectivo.	LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i>	LGB3.7.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i>	VSCB2.6.2. Participa activamente en actividades que contribúen á cohesión dos grupos sociais aos que pertence. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i>
Cubrir caderno de equipo e panel SCRUM, a través da análise e autoavaliación dalgunha das estratexias cooperativas realizadas nestas sesións. (metacognición)	CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.	LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i>	VSCB2.2.3. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i>

	<i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i>	<i>se aplica unha Lista de cotexo.</i>	<i>que se aplica unha Lista de cotexo.</i>
3º SESIÓN			
Creación de títulos visuais, en formato DUA, das estruturas que conforman as instalacións artísticas propostas.	<p>EPB1.1.2. Elabora carteis con diversa información considerando os conceptos de tamaño, equilibrio, proporción e cor, e engadindo textos utilizando a tipografía máis axeitada á súa función.</p> <p><i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i></p>	<p>CSB 1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo e, emprega estratexias de traballo cooperativo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.</p> <p><i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i></p>	<p>EPB2.3.1. Leva a cabo proxectos en grupo respectando as ideas das demais persoas e colaborando coas tarefas que lle foran encomendadas.</p> <p><i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i></p>
Creación das estruturas para a nosa instalación artística. Posta en práctica das mesmas, a través de estacións rotativas.	<p>EPB2.2.4. Realiza trazados con precisión utilizando ferramentas básicas.</p> <p><i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha escala de valoración.</i></p>	<p>EPB2.2.6. Realiza composicións plásticas con figuras xeométricas, apreciando o valor expresivo da cor.</p> <p><i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha escala de valoración.</i></p>	<p>EPB2.2.3. Aplica nocións métricas e de perspectiva á construción de estruturas e á transformación do espazo.</p> <p><i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha escala de valoración.</i></p>
Asemblea e debate en gran grupo, comentando as fortalezas e debilidades de cada instalación proposta (retroalimentación para a mellora das mesmas).	<p>LGB1.6.3. Amosa un discurso oral claro, cunha pronuncia e entoación axeitada e propia da lingua galega.</p> <p><i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i></p>	<p>LGB1.3.4. Participa no traballo en grupo, así como nos debates.</p> <p><i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i></p>	<p>VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.</p> <p><i>INSTRUMENTO: Observación sobre a</i></p>

			<i>que se aplica unha Lista de cotexo.</i>
Realización dun puzzle- invitación , fragmentado en partes según grupos cooperativos, no cal o alumnado ten que escribir o diálogo para unha posterior gravación.	LGB3.3.1. Elabora por escrito textos do ámbito académico moi sinxelos (cuestionarios, resumos, descrições, explicacións...) para obter e comunicar información. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha escala de valoración.</i>	LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha escala de valoración.</i>	CSB1.1.2. Manifiesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas cuidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha escala de valoración.</i>
4º SESIÓN			
Gravación dun vídeo- invitación ao noso público, empregando o Chroma.	EPB2.3.2. Coñece e utiliza recursos tecnolóxicos básicos para a elaboración das propias creacións. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha escala de valoración.</i>	LGB1.6.1. Planifica e elabora un discurso oral coherente, na secuencia de ideas ou feitos utilizando un vocabulario adecuado á súa idade. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha escala de valoración.</i>	LGB1.8.1. Utiliza a expresividade corporal para reforzar o sentido das súas producións orais. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha escala de valoración.</i>
Elaboración dunha enquisa de satisfacción para o público.	LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i>	LGB3.3.1. Elabora por escrito textos moi sinxelos do ámbito académico (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descrições, explicacións...) para obter, organizar e comunicar información. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i>	VSCB2.8.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo. <i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i>
Análise dunha performance , para a	EPB1.1.2. Describe as características	LGB3.7.2. Valora a lingua escrita como	EPB1.2.5. Identifica as formas de

<p>posterior creación dunha propia: https://www.youtube.com/watch?v=ppET8N-zos</p>	<p>dos feitos artísticos e as sensacións que as obras provocan e expresa as súas apreciacións persoais cun criterio artístico.</p> <p><i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha escala de valoración.</i></p>	<p>medio de comunicación e de expresión creativa.</p> <p><i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha escala de valoración.</i></p>	<p>representar a figura humana nas obras.</p> <p><i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha escala de valoración.</i></p>
<p>Ensaio e creación dunha performance en gran grupo.</p>	<p>VSCB2.6.2. Participa activamente en actividades que contribúen á cohesión dos grupos sociais aos que pertence.</p> <p><i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha escala de valoración.</i></p>	<p>VSCB1.4.2. Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.</p> <p><i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha escala de valoración.</i></p>	
<p>Vídeo-gravación da performance creada.</p>	<p>LGB1.6.2. Elabora un discurso oral cohesivo, utilizando algúns nexos básicos.</p> <p><i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i></p>	<p>LGB1.5.4. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación e volume.</p> <p><i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i></p>	
<p>Análise do aprendido no ámbito ao cubrir o “billete de saída”.</p>	<p>LGB3.3.1. Elabora por escrito textos do ámbito académico moi sinxelos (cuestionarios, resumos, descrições, explicacións...) para obter e comunicar información.</p> <p><i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i></p>	<p>LGB3.7.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.</p> <p><i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i></p>	<p>CSB 1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo e, emprega estratexias de traballo cooperativo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.</p> <p><i>INSTRUMENTO: Observación sobre a que se aplica unha Lista de cotexo.</i></p>

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (1)

ACTIVIDADES	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	EXERCICIO 4
1º SESIÓN				
Actividade de motivación: expresión corporal a través de música ambiental.	Chegada do alumnado á aula de Psicomotricidade onde están colocadas e preparadas as instalacións artísticas.	Escoita activa de fragmentos musicais con distintos ritmos, onde bailará e se expresará ao son da música.		
Círculo reflexivo , co obxectivo que o alumnado comprenda a relación de movemento-danza-cor.	O alumnado sentarase formando un círculo e, por quendas, cada un falará cando se lle asigne o obxecto da palabra.	Realizaranse as seguintes preguntas: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Escoitamos este fragmento musical...como te moverías? ▪ Que emoción te suxire? ▪ Que cor escollerías para representar este fragmento e porqué? 		
Observación do espazo creado onde está preparada a instalación artística. Realización da rutina de pensamento “Vexo, penso, preguntome” , potenciando unha aprendizaxe por descubrimento sobre que imos a traballar no ámbito.	O alumnado observará as instalacións e realizará a rutina de pensamento escribindo nos post-its.	Cada grupo cooperativo, comentará os seus post-it e os pegará no encerado.	Poremos en común o posto, respectando as quendas de palabra e tentaremos resolver as dúbidas	

			que ten o alumnado no apartado de “pregúntome”.	
Visualización dun vídeo para motivar o que vai realizar o alumnado (https://www.youtube.com/watch?v=vDn8Uxax-c0)	Proxección do vídeo proposto sobre a escola de Segni Mossi.	Posta en común das ideas extraídas coa súa visualización.	Comprensión do vídeo e dar paso as opinións dos nenos/as sobre o interrogante de que é para eles Segni Mossi.	
Realización das instalacións artísticas por estacións , de forma rotativa, as mesmas están divididas en catro espazos diferentes.	A instalación artística estará dividida en catro estruturas, nas que se irá movendo o alumnado nos seus equipos cooperativos.	1º “Expresámonos artisticamente”: Nunha esquina da aula, colocar papel continuo (tanto nas paredes coma no chan). Como imos ter música ambiental, imos pedirles que intenten debuxar o movemento que lle suxire ao escoitála. 2º “Plasmamos siluetas”: Colocarase un papel continuo no chan con un bote de pinturas de madeira. Imos pedirles que debuxen siluetas dos seus compañeiros/as de equipo ao son da música.	3º: “Creamos un cadro en movemento”: Cunha tapa de cartón colocar ao alumnado en cada unha das esquinas. Poñemos gotiñas de témpera no centro da cartulina para que así vaian movendo a pintura en equipo e crear a súa composición.	4º: “Simetría en equipo”: Colocarase un papel continuo na parede e dividido en catro columnas enumeradas (1, 2, 3, 4). Cada neno/a colocarase nunha delas (de forma rotativa) e intentará imitar simetricamente os debuxos creados polo número 1 ao son da música.
Emprego da estrutura cooperativa da lectura compartida en formato de lectura fácil.	Facer unha lectura compartida do texto por cada equipo, as cales xiran en torno a:	Realización das funcións propias da lectura compartida: un neno/a le,		

	<ul style="list-style-type: none"> - Que é unha instalación artística? - Qué é un happening? - Características de Segni Mossi - Que é unha performance? 	<p>outro busca as palabras descoñecidas, outro subliña toda aquela información que consideren esencial e o último resume oralmente a información destacada.</p>		
<p>Produción dun Flow Map cooperativo, onde se recollen a información máis importante das lecturas anteriores e exposición e lectura dos mesmos.</p>	<p>Cada equipo recibirá unha plantilla da estrutura do Flow Map.</p>	<p>Cada equipo organizará a información principal sobre as lecturas anteriores.</p>	<p>Poremos en común as ideas (grazas ás persoas portavoces), para que así todo os equipos se retroalimenten dos temas traballados.</p>	
2º SESIÓN				
<p>Medición da superficie da área delimitada no espazo do patio (zona fútbol) que se vai empregar para a montaxe das súas instalacións artísticas.</p>	<p>Baixaremos ao patio, zona fútbol, na que se realizará a instalación artística e o Happening.</p>	<p>Se dispoñemos de suficientes regras e cintas métricas para todos os equipos cooperativos, medirán e anotarán as medidas da zona do patio correspondente. Se non puidese ser posible isto, tentaremos medir en gran grupo e que cada equipo anote as medidas.</p>		
<p>Creación do plano do espazo por equipos</p>	<p>Cada equipo cooperativo</p>	<p>Realizarase a través da</p>		

<p>cooperativos onde imos a realizar as instalacións artísticas, a través dunha ficha con cuadrícula, implementando a estratexia cooperativa do folio xiratorio.</p>	<p>realizará o seu propio plano coas medidas tomadas con anterioridade e baixo a escala no que cada metro é un centímetro na cuadrícula.</p>	<p>estratexia do folio xiratorio, para que así mentres unha persoa está debuxando no plano, o resto pode ir comprobando e calculando as medidas e como pasalas ao plano en escala.</p>		
<p>Realización do “estudo de mercado”, é dicir, do público ao que vai ir destinado a nosa instalación artística, onde se vai realizar o Happening.</p> <p>Para iso, imos crear un mapa da empatía a través da estratexia do folio xiratorio.</p>	<p>A mestra explicaralles que grupo de Educación Infantil ou de 1º e 2º de Educación Primaria lles tocou.</p>	<p>Tentaremos cubrir o mapa da empatía, destacando sobre todo o que elas e eles pensan que lles podería gustar as nenas/os.</p>		
<p>Choiva de ideas e posta en común dos mapas da empatía. En gran grupo, anotaremos as ideas na aplicación: https://en.linoit.com/</p>	<p>Cando todos os equipos rematen o mapa, a través do folio xiratorio, poremos en común en gran grupo as ideas para crear un mapa da empatía en conxunto.</p>	<p>Anotaremos as ideas e decisións grupais propostas empregando a aplicación “linoit”.</p>		
<p>O alumnado comezará a crear e imaxinar estruturas en equipo cooperativo para as súas instalacións artísticas, dentro do plano creado, as cales deben incluír como temática principal: as formas xeométricas.</p>	<p>Unha vez creado o plano, cada un dos equipos pode ir colocando estruturas (nas que teñen que incluír a diversidade das formas xeométricas) no sitios que prefiran.</p>	<p>Seguiremos coa estratexia do folio xiratorio, para que así mentres unha persoa debuxa as estruturas, o resto pode ir pensando no que poden medir e como colocalas e onde.</p>		
<p>Posta en común e votación para a creación dun</p>	<p>A través da persoa portavoz,</p>	<p>Tentaremos, nos equipos,</p>		

plano conxunto , o cal será o futuro happening para o seu público obxectivo.	poremos en común todos os planos creados, nos que se inclúen as estruturas pensadas.	crear un plano conxunto de toda a clase por votación.		
Cubrir caderno de equipo e panel SCRUM, a través da análise e autoavaliación dalgunha das estratexias cooperativas realizadas nestas sesións. (metacognición)	Os equipos cubrirán a páxina de “Diario de sesións”, do caderno de equipo, avaliando a estratexia correspondente.	Participar de forma activa en cubrir o panel scrum dando opinións e respectando aos compañeiros/as.	Determinar os obxectivos a traballar, temporalización...	Identificar as dificultades e a procura de solucións.
3º SESIÓN				
Creación de títulos visuais , en formato DUA , das estruturas que conforman as instalacións artísticas propostas .	En equipos, decidirán o título das instalacións do happening e os plasmarán unha cartolina, formato A3 xunto cunha pequena descrición de qué hai que facer na mesma.	Decorarán a cartolina e gravarán en formato audio o título da mesma.	Logo, terán que anexionar o código QR, para potenciar o DUA.	
Creación das estruturas para anosa instalación artística. Posta en práctica das mesmas , a través de estacións rotativas.	Dividiremos as estruturas que queiran realizar para crear o seu futuro happening, en equipos cooperativos.	Unha vez repartidas as estruturas... mans a obra! Poralas en práctica eles/as mesmos, por equipos e de forma rotativa.		
Asemblea e debate en gran grupo , comentando as fortalezas e debilidades de cada instalación proposta (retroalimentación para a mellora das mesmas).	Discriminar as cousas positivas e negativas da posta en práctica das instalacións.	Expoñer de forma oral as súas ideas e pensamentos acerca de cada instalación proposta.	Respectar as normas e quendas de palabra.	
